

Reconquista e repoboación

O concepto **reconquista** fai referencia ao proceso de expansión protagonizado polos reinos cristiáns peninsulares sobre o territorio de Al Ándalus. O termo non foi utilizado na Idade Media e non comezou a difundirse ata o século XIX. Sen embargo, as **ideas de recuperación e restauración** da unidade política e relixiosa do desaparecido reino visigodo xa aparecían nos textos cristiáns que, polo menos dende o século XI, pretendían lexitimar as conquistas que os reinos setentrionais estaban a desenvolver. Trátase dun termo con evidentes connotacións ideolóxicas, obxecto de grande controversia. Na historiografía tradicional, tanto tradicionalista como liberal, a *Reconquista* presentábase como unha prolongada loita (711-1492) entre entre cristiáns e musulmáns que contribuiría poderosamente a forxar a identidade e unidade españolas arredor de Castela. Este ton nacional, castelanista e cristián foi asumido e espallado polo réxime franquista e, dende os anos 1970, cuestionado por moitos estudiosos.

Á hora de empregar este termo, deberían terse en conta algunhas consideracións. En primeiro lugar, hai que introducir un importante matiz cronolóxico: só dende o **século XI**, coa crise do poder andalusí, as accións bélicas se converteron no factor decisivo da expansión territorial cristiá. En segundo lugar, aínda que o **factor relixioso** non debe ser desbotado, non hai que esquecer que os enfrontamentos armados tiveron lugar tanto entre cristiáns e musulmáns como entre os propios caudillos cristiáns, case sempre máis pendentes de ampliar o seu poder que do credo dos seus rivais. En terceiro lugar, cómpre inserir a conquista cristiá no **marco xeral europeo**, definido tamén dende o ano 1000 polos avances da **feudalización** e, ligados a eles, por procesos de **colonización interna e ampliación externa do espazo europeo** (Cruzadas, *Drang nach Osten*).

A formación dos reinos hispano-cristiáns.

O afundimento do reino visigodo non significou o control completo do territorio peninsular polos musulmáns. A conquista freouse ante as cordilleiras cantábrica e pirenaica e a presenza islámica ao norte do Sistema Central e do Prepirineo foi escasa e esporádica. As expedicións musulmás sobre eses áreas, pobres e pouco poboadas, tiveron obxectivos limitados: asegurar a súa submisión tributaria, obter botín e capturar prisioneiros. Por iso, nos vales cantábricos e pirenaicos puideron formarse os primeiros núcleos hispano-cristiáns, que aproveitarían os problemas internos do emirato cordobés para consolidárense e ampliar o seu territorio.

A batalla de Clavijo, obra de Casado del Alisal (1885).



Representa a irrupción do apóstolo Santiago o Maior en prol das tropas cristiás de Ramiro I contra os musulmáns durante no mítico enfrontamento, acontecido disque en 844.

[Dominio público], dende Wikimedia Commons

Os núcleos ocidentais.

Naquelas circunstancias, as poboacións da franxa cantábrica, unha área pouco romanizada e rebelde ao dominio visigodo, puideron continuar a súa resistencia e proseguir as accións de saqueo sobre as terras da conca do Douro. A súa organización política, moi rudimentaria, baseábase na adhesión persoal a xefes locais que controlaban pequenos vales. A chegada de refuxiados hispanogodos (nobres eclesiásticos) debeu alterar este panorama. **Pelaio** (718-737), un caudillo de suposta orixe meridional, conseguiu manter un enclave arredor de **Cangas de Onís** e veu consolidado o seu prestixio tras vencer en **Covadonga** (722) a un continxente musulmán.


Os seus sucesores Pelaio aproveitaron a crise interna do emirato cordobés para ampliar o incipiente reino astur. **Afonso I** (739-757) estedeuno cara o oeste, ata Galicia, e cara o este, ata o norte de Castela e a chaira alavesa. **Afonso II** (791-842) reorganizou a corte segundo o modelo visigodo, trasladou a capital a Oviedo e rachou a dependencia eclesiástica respecto aos bispos de Toledo coa escusa da adhesión destes á herexía adopcionista. No 813, oportunamente, tivo lugar o descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago en Compostela. **Afonso III** (866-910) conseguiu colocar a fronteira meridional do novo reino sobre a liña do Douro. A súa capital trasladouse de Oviedo a León.

Coa ampliación do territorio, as diferenzas entre as partes constitutivas do reino puxéronse en evidencia: Galicia, ao oeste; Asturias-León, no centro; e, ao leste, o condado de **Castela**, con numerosas fortificacións para facer fronte á ameaza musulmá. No século X, en pleno apoxeo do califato cordobés, a expansión detívose e as disputas pola sucesión ao trono leonés, foron aproveitadas polo conde castelán Fernán González para afirmar a súa independencia e converter en hereditarios os seus dominios.

Os núcleos orientais.

A forte presenza musulmá no val do Ebro adiou o desenvolvemento dos núcleos hispanocristiáns orientais, confinados e fragmentados nos numerosos vales pirenaicos. A situación comezou a mudar coa intervención dos francos de **Carlomagno** (768-814). Tras conquistar Barcelona (801), conseguiron colocar baixo a súa autoridade os territorios do norte de Cataluña e estender a súa influencia sobre os vales do Pirineo aragonés e navarro. Formouse a chamada **Marca Hispánica**.

Durante o século IX, a crise do Imperio carolinxio propiciou as pretensións independentistas dos diferentes condes. En Navarra, Iñigo Arista (820-852) expulsou aos francos e proclamouse rei de Pamplona. Polas mesmas datas, a dinastía dos **Galindo** consolidouse en Aragón. En Cataluña, o conde de Urgell e Barcelona **Guifré el Pilós** (840-897), ampliou os seus dominios e converteunos en hereditarios. Mantívo, sen embargo, a vasalaxe cara os reis francos. No 988, o conde **Borell II** negouse a renovar a obediencia cara Hugo I



Capeto. Acadábbase unha independencia *de facto* respecto aos monarcas franceses que non sería recoñecida *de iure* ata o Tratado de Corbeil (1258).

Durante o século X, o reino de Navarra estendeuse cara a Rioxa. Tras incorporar Aragón, Sobrarbe, Ribagorza e Castela, acadou efemeramente durante o reinado de **Sancho III o Maior** (1002-1035), unha posición hexemónica entre os reinos cristiáns.

Os avances da conquista cristiá.

A comezos do século XI, a desintegración do califato cordobés alterou o equilibrio de poderes na Península en prol dos reinos cristiáns. Estes puideron emprender as primeiras incursións militares sobre o territorio andalusí e impuxeron ás taifas o pago de gravosas parias.

Tras a división de Navarra, o reino de Castela e León, unido primeiro baixo **Fernando I** (1037-1065) e logo polo seu fillo **Afonso VI** (1072-1109), converteuse na potencia hexemónica na Península. O primeiro conseguiu dominar toda a conca do Douro. O segundo conquistou Toledo (1085), antiga capital visigoda, e levou a fronteira ata a liña do Texo. Mentres, os cataláns tomaban Tarragona (1090) e os aragoneses Huesca (1096). O rico e poboado val do Ebro ficaba máis preto.

A irrupción dos almorábides e as súas vitorias en Sagradas (1086) e Uclés (1108) frearon temporalmente o avance castelán. Ademais, as disputas pola sucesión ao trono castelán-leonés provocaron a división e reunificación de ámbolos dous reinos en varias ocasións durante o século XII. En 1139, o conde portugalense **Afonso Henriques** era proclamado rei. O novo reino de Portugal comezaba a súa marcha independente.

Na zona oriental o rei aragonés **Afonso I o Batallador** conquistou Zaragoza (1118) e ocupou o tramo medio do val do Ebro. No 1137, o matrimonio de Ramón Berenguer IV, conde de Barcelona, e Petronila, filla de Ramiro II de Aragón, consagraba a unión dinástica entre os dous reinos e daba orixe á **Coroa de Aragón**. Os avances proseguiron coa toma de Tortosa (1148) e Lleida (1149). Mentres, o **reino de Navarra** ficaba entalado entre Castela e Aragón e, sen posibilidades de expansión cara o sur, acabou vinculándose á nobreza francesa.

A crise do imperio almorábide e a debilidade das **segundas taifas** permitiu aos casteláns e aragoneses reiniciar as súas campañas militares. Os primeiros consolidaron as súas posicións no val do Texo e avanzaron cara os cursos altos do Xúquer e do Guadiana. Cuenca caeu en mans de **Afonso VIII** no 1177. Os segundos avanzaban cara o Sistema Ibérico. **Afonso II de Aragón** entraba en Teruel no 1171. En ámbolos dous casos, as **Ordes Militares** (Alcántara, Calatrava, Santiago) acadarían especial protagonismo.


O empuje doutro pobo procedente do norte de África, os **almohades**, volveu frear o avance cristián a finais do século XII. A alianza dos reis hispano-cristiáns e o apoio de cabaleiros franceses, animados polo espírito de cruzada, fixo posible a derrota dos almohades nas **Navas de Tolosa** (1212). O debilitamento do imperio almohade posibilitou a formación das efémeras **terceiras taifas**. A resistencia que opuxeron aos exércitos cristiáns foi inútil. Entre 1227 e 1266 todo o sur e o levante peninsulares foron conquistados. **Portugal** incorporou o Algarve. A **Coroa de Aragón**, encabezada por **Xaime I o Conquistador**, conquistou os reinos de Valencia, Denia e Mallorca. **Afonso IX de León** tomou Cáceres e Badajoz. **Fernando III**, unidos definitivamente baixo a súa coroa os reinos de Castela e León, conquistou Mérida, Córdoba, Xaén e Sevilla. O seu fillo **Afonso X** engadiu Cádiz e Murcia aos dominios da Coroa de Castela.

O reino nazarí de Granada ficaba como o último reduto andalusí. Sobreviviría máis de dous séculos, ata a súa conquista polos Reis Católicos, rematada en 1492.

A repoboación e as súas formas.

Os avances da conquista cristiá foron seguidos dun proceso de ocupación efectiva do mediante colonización, explotación e organización dos territorios incorporados, coñecido tradicionalmente como **repoboación**. En función dos trazos do territorio, da forma en que se producira a conquista dos efectivos demográficos dispoñibles para a colonización e do volume de poboación musulmá presente nas áreas xa conquistadas distínguense diversas **modalidades** de repoboación:

- Entre os séculos VIII e X, nas terras comprendidas entre a Cordilleira Cantábrica e o río Douro, en zonas do Pirineo central e oriental e na Plana de Vic, a repoboación levouse a cabo por **presura** ou **aprisio**. Tratábase de zonas ermas ou escasamente poboadas, consideradas xuridicamente *res nullius* e, polo tanto, obxecto de apropiación. Os soberanos cristiáns autorizaban establecerse nelas a quen ocupase e cultivase as terras. Ás veces, respondeu á iniciativa oficial, cando o rei ou delegados seus a dirixían. Noutras ocasións, foi o resultado da iniciativa privada de nobres, eclesiásticos ou familias campesiñas.
- A partir do século XI, os reis procuraron atraer poboación ás vilas ou cidades fundadas en zonas despoboadas ou conquistadas aos musulmáns, mediante a concesión de **cartas de poboamento** ou **cartas forais**, que outorgaban aos seus habitantes terras, privilexios e exencións, regulamentaban as actividades económicas, recoñecíanlle unha certa autonomía e establecían os seus órganos de goberno (**concellos**). En troques esixíaseles fidelidade e o pago de tributos. Isto permitiu a creación de grandes **comunidades de vila e terra**, integradas por un núcleo urbano e un **alfoz**, o territorio rural circundante sometido á autoridade daquel. Esta opción foi habitual nas terras comprendidas entre o Douro e o Texo, no val do Ebro, no sur de Aragón e Cataluña, etc.
- Durante o século XII, ante os ataques de almorávides e almohades, os reis concederon grandes dominios territoriais ás **Ordes Militares** (Alcántara, Calatrava, Santiago) para que os ocupasen e defendesen. Foi frecuente en terras de Estremadura, A Mancha e o Sistema Ibérico, pouco poboadas e propicias para o desenvolvemento da actividade gandeira.
- Durante o século XIII, a incorporación de territorios dos vales do Guadiana e Guadalquivir, Levante e Baleares levouse a cabo mediante o sistema de **repartimientos**. Os reis entregaron lotes de terras entre os participantes no continxente conquistador consonte á súa categoría social e militar. Con excepción dalgunhas comarcas levantinas, os



grandes beneficiarios foron nobres, institucións eclesiásticas e Ordes Militares, que recibiron grandes dominios ou *donadíos*.

A sorte dos musulmáns foi diversa, segundo o establecido nas cláusulas das **capitulacións**, non sempre respectadas. Da Coroa de Castela foron expulsados despois da derrota da **revolta mudéxar de 1264**. En Aragón e Valencia, a súa presenza prolongouse ata a expulsión dos mouriscos decretada en 1609.

A repoboación contribuíu a estender as estruturas feudais na Península Ibérica. A súa pegada resulta fundamental para entender as formas de poboamento e as estruturas da propiedade agraria ata datas moi recentes.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GARCÍA DE CORTÁZAR, J.A.: *La época medieval*, en ARTOLA, M. (dir), *Historia de España*, vol. 2, Madrid, Alianza Editorial, 2004.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- LADERO QUESADA, M.A.: *La formación Medieval de España*, Madrid, Alianza Editorial, 2014.
- VALDEON BARUQUE, J.: *La Reconquista. El concepto de España: unidad y diversidad*, Madrid, Espasa, 2006.